



## **Exdeputados dos tres partidos inician mañá en Lugo o ciclo de charlas itinerantes en institutos para conmemorar o 30 aniversario do Parlamento de Galicia**

- **Manuela López Besteiro, Margarita Rodríguez e Xulio Alberte Rodríguez Feixó ofrecerán unha charla-coloquio aos alumnos do Instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes, en Lugo**
- **Arredor dunha trintena de centros xa se amosaron interesados en acoller esta actividade, orientada a dar a coñecer ao funcionamento do Parlamento entre os alumnos de secundaria**

**Santiago, 29 de marzo de 2011.-** O Instituto Nosa Señora dos Ollos Grandes, de Lugo, acolle mañá mércores, a primeira das charlas que a Asociación de Exdeputados do Parlamento de Galicia ofrecerá ao longo deste ano en diferentes centros de Secundaria de Galicia no marco da celebración do 30 aniversario da Cámara Autonómica.

Na sesión de mañá, que se desenvolverá a partir das 11,00 horas, tomarán parte os exdeputados Manuela López Besteiro (PPdeG), Margarita Rodríguez (PSdeG-PSOE) e Alberte Xulio Rodríguez Feixó (BNG).

A día de hoxe, unha trintena de centros de Ensino Secundario de toda Galicia teñen manifestado xa o seu interese en acoller unha charla deste tipo. En cada unha destas actividades participará un representante de cada un dos partidos con representación no Parlamento de Galicia.



Con esta programación, enmarcada no 30 aniversario da institución, o Parlamento de Galicia busca darse a coñecer entre os estudantes galegos, tratando de superar o descoñecemento que rodea a algunhas das institucións democráticas e buscando superar, tamén, o desinterese que en ocasións suscita a vida política.

### **Previsión informativa**

**Mércores 30 de marzo de 2011**

**Lugo**

**11,00 h.- Os exdeputados Manuela López Besteiro (PPdeG), Margarita Rodríguez (PSdeG-PSOE) e Alberte Xulio Rodríguez Feixó (BNG) ofrecen a primeira dun ciclo de charlas para explicar a estudantes de secundaria a realidade e o funcionamento do Parlamento de Galicia. O ciclo enmárcase no 30 aniversario do Parlamento de Galicia e está organizado pola Asociación de Exdeputados.**

**O acto desenvólvese no Instituto Nosa señora dos Ollos Grandes, de Lugo.**

Saúdos, Gabinete de Comunicación